

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión III**, relativa á perda de fondos públicos europeos para o Programa de Desenvolvemento Rural (PDR).

### Exposición de motivos

Rematou o 31 de decembro do 2015 o prazo contemplado para executar os investimentos cofinanciados pola UE con fondos FEADER ao abeiro da planificación contida no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2007-2013.

Das informacións coñecidas, aínda provisionais, despréndese que a Xunta deixou de empregar 56 millóns de euros de fondos públicos europeos que se converten co cofinanciamento da propia Xunta nun total de 74 millóns de euros. Unha porcentaxe que representa un 6,29% do total dos fondos europeos asignados a Galicia para a mellora da nosa agricultura. E iso logo das presas coas que o goberno galego tivo que acelerar a execución dos investimentos deses fondos públicos europeos, toda vez que en outubro pasado a cifra en risco de se perder sen uso excedía os cento cincuenta millóns de euros.

Semellante perda de recursos públicos prodúcese nun contexto moi grave para as nosas explotacións, que non deixan de pechar estranguladas polo pago duns prezos que non compensan os custes de produción.

Galicia sitúase con esta cifras provisionais no furgón de cola no uso eficaz dos recursos públicos europeos para a agricultura. A consellaría de medio rural aplicou o principio da ocultación na xestión destes proxectos ao mesmo tempo que rexeitaba só no exercicio 2014 máis de cincocentas solicitudes de plans de mellora das explotacións gandeiras (aceptáronse 110 das 668 solicitudes presentadas con cargo ao PDR), isto é

en euros financiar 5 de 22 millóns de euros solicitados nesas plans de mellora presentados.

Cómpre sinalar que tamén de xeito provisional, Galicia ten pendente de xustificación un total de 51 millóns de euros de gastos. Ademais e con vistas ao novo programa de desenvolvemento rural do setenio 2014-2020, a UE denunciou nunha comunicación inusual unha serie de graves problemas, en particular, a falla de acordo cos sectores sociais do mundo rural implicados na planificación remitida a Bruxelas.

En relación con esta denuncia, o noso grupo parlamentario presentou diversas iniciativas tendentes a garantir que as organizacións agrarias, os grupos de desenvolvemento rural, as mesmas forzas políticas, as organizacións ecoloxistas, e todos os axentes sociais necesarios do mundo rural participasen na reelaboración do documento de proposta para o Programa de Desenvolvemento Rural, para desta maneira aumentar taxa de incorporación de novos activos á actividade rural, incorporar un plan estratéxico para finalizar o sistema de cotas lácteas, manter o mesmo orzamento para o programa Leader, incrementar as partidas para I+D+i e para a formación, fornecendo plantilla e recursos dos centros públicos adicados a tal finalidade, e para aumentar a superficie agraria útil nun 30%.

No DOG do 22 de xaneiro do corrente publícase o decreto de cesamento da directora xeral de proxectos e fondos europeos e a súa substitución temporal, pola orde de 22 de xaneiro, publicada o luns 25 no DOG, polo director xeral de política financeira.

Pola sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a preposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a presentar publicamente a relación completa e exhaustiva dos proxectos receptores dos recursos públicos europeos asignados a Galicia no PDR 2007-2013.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a explicar as razón da perda de 56 millóns de euros de fondos públicos europeos para a mellora da nosa agricultura e gandeiría.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a depurar as responsabilidades políticas pola perda para o campo galego de 74 millóns de euros.

En Compostela, a 4 de febreiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García



Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 08/02/2016 10:29:52**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/02/2016 10:29:58**

**Anton Sánchez García na data 08/02/2016 10:30:02**

**Eva Solla Fernández na data 08/02/2016 10:30:05**

**Ramón Vázquez Díaz na data 08/02/2016 10:30:09**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/02/2016 10:30:11**